



BOLETÍN FITOSANITARIO DE AVISOS E INFORMACIÓNS

16 de abril de 2009

Nº 4/09

METEOROLOXÍA

Durante a primeira quincena deste mes producíronse precipitacións de carácter feble na meirande parte dos días, a vez que diminuíron as temperaturas. Nos próximos días non se prevén cambios significativos, ata o fin de semana, no que se recuperará a influencia anticiclónica e comezarán a ascender os valores das temperaturas.

VIÑEDO

D. O. Rías Baixas

Estado fenolóxico medio

E (follas extendidas) ata **G** (acios separados)

As cepas máis xoves, como é habitual en primaveira, levan un adianto vexetativo respecto das cepas adultas.

A mesma altura do ano, na campaña pasada, o viñedo estaba un pouco máis atrasado, concretamente nos estados fenolóxico B-xema inchada a F-acios visibeis.

Nas castes máis fértiles observase unha media de 3 acios ben desenvolvidos.

En moitos viñedos tamén se observa unha clorose foliar debida á carencia de nitróxeno, pois coa baixada de temperaturas e saturación de auga no solo, este inmobilízase so temporalmente.

Coidados culturais

Durante os últimos días, ó producirse precipitacións na meirande parte dos días, non se puido realizar o control das herbas. Ademais deberase ter en conta que o paso de maquinaria pesada no terreo mollado, produce apelmazamento deste, rebrote precoz das herbas, un maior custe enerxético da labor mecánica e, por ende, unha maior emisión de CO₂ a atmosfera, ademais da menor seguridade do traballo en parcelas con pendentes e socalcos.



Incidencias fitopatolóxicas máis destacadas



Incidencias fitopatolóxicas máis destacadas

Mildeu (*Plasmopara viticola*)

Todavía non se produzo a infección 1ª do fungo, que marcaría o inicio dos tratamentos na campaña, pero deberase ter en conta que xa se dan as condicións: lonxitude dos gomos 10 cm o máis e chuvia contaminante de polo menos 10 mm. En canto aumenten as temperaturas actuais, superándose a media de 12°C, é xa previsible a observación das primeiras contaminacións, que deberán ser confirmadas en campo.

Excoriose (*Phomopsis viticola* Sacc)

As últimas precipitacións acontecidas nos actuais estados fenolóxicos do viñado, sensíbeis á instalación do fungo, **van a propiciar as contaminacións nos gomos sen protección fitosanitaria**. Hai que ter en conta que este fungo, ademais dos danos directos (visibles sobre todo con posterioridade, xa no verán, en acios inservibles co raquis ennegrecido e as uvas mirradas), produce na base dos gomos unhas feridas lonxitudinais de cor negro que serven tamén como vía de entrada a outros fungos oportunistas da madeira, pertencentes o complexo Esca e Petri, de moi difícil control.

Ácaros

As pequenas poboacións que había nos viñedos de araña vermella (*Panonychus ulmi*) e do ácaro eriófido *Calepitrimerus vitis*, reducíronse totalmente debido as condicións climáticas adversas para súa bioloxía. Sen embargo, si que se observan os primeiros síntomas do ácaro da erinose, pero que non afecta en absoluto ó potencial produtivo da cepa. A pelusilla branca no envés da folla producida polo ácaro eriófido, aínda hoxe hai viticultores non profesionáis que a confunden co Mildeu.



De entre as tres razas de ácaros da erinose, o que se manifesta nos viñedos galegos é o menos perigoso, xa que soamente produce unhas falsas agallas nas follas sen repercusión económica.





Caracois

Co aumento da humidade ambiental os gasterópodos aumentan a súa actividade, devorando os brotes tenros dalgúns vexetais, como é o caso dos viñedos xoves nos que todavía non se eliminaron os caracois seguindo as indicacións de anteriores boletíns.



Pedroulo (*Cneorrhinu dispar*)

Nalgunhas parcelas obsérvanse rodais nos que o adulto deste coleóptero destrúe os abrochos e follas. Normalmente aparece a finais de marzo ou primeiros de abril y continúa devorando brotes ata a primeira quincena de xuño. Ten unha soa xeración ó ano.

Durante o día está agochado e resgardado na viña xa que é de hábitos crepusculares.

Recomendacións

Durante a próxima semana, coa mellora do tempo atmosférico, deberase **tratar a Excoriose** con algún dos principios activos autorizados:

Folpet	Toxicoloxía Xn-A-B-C
Mancoceb	Toxicoloxía Xi-A-A-B
Metiram	Toxicoloxía Xn-A-A-B

Se se observan focos de Pedroulo pódese tratar, soamente nesa zona do viñado, co insecticida Deltametrín 2,5% [EC] P/V, mediante pulverización dirixida con pistola.

Nas próximas datas tamén hai que **vixiar o viñado diariamente** (nas zonas con maior adianto fenolóxico), **para detectar a aparición da 1ª mancha de Mildeu na campaña**. De selo caso, deberase dar o aviso da aparición ó Servizo Técnico Agrario para verificar a súa presenza en campo e dar a información ó sector por este mesmo medio e directamente ós técnicos das agrupacións de viticultores.



HORTA


Estados medios dos cultivos máis importantes

- Invernadoiro	Tomates e pementos Xudías	crecemento e floración crecemento e floración
- Aire libre	Patacas Patacas Leituga Repolos Cebola	sementeira (c. medio) crecemento (c. temperán) transplante e primeiras recoleccións transplante crecemento

Incidencias

Mildeu

Nos cultivos hortícolas sensibles ó fungo (Pataca, Cebola, Tomate, Leituga e Brancas-plántula) todavía non se observan síntomas, pero **a climatoloxía dos últimos días van a provocar as primeiras infeccións** da enfermidade. De feito, nas plántulas dos cultivos xa se observan os primeiros síntomas, tal e como se observa na imaxe anexa tomada esta semana.



Pulgón

Todavía obsérvase a presenza de colonias de Pulgón verde (*Myzus persicae*) nos cultivos ó aire libre e en invernadeiro nos cultivos de Leituga e Pemento, aínda que con menor presenza que nas datas pasadas.

Mosca dos sembrados (*Delia sp*)

Nas plantacións de Coles-Repolo e Xudía ó aire libre seguen observándose danos provocados pola praga, provocando a morte das plántulas ó ser perforadas no seu cano.

É unha especie moi polífaga, atacando a diferentes tipos de plantas: xudías, millo, tomate, cereais, hortícolas, etc, especialmente nas fases iniciais de desenvolvemento. Aínda que adoita ter 3 xeracións, a máis daniña é



Larva da mosca dos sembrados



segue HORTA

a da primavera, que coincide coa nacemento de moitas plantas, sobre todo nas primaveiras frías nas que as plántulas son máis débiles.

Lepidópteros

Non se observan danos causados polas eirugas destas especies nas plantas.

Únicamente cabe destacar a captura en trampas con feromona de imagos (bolboreta) da *Plusia gamma*, polo que nas próximas semanas deberase observar nos cultivos sensibles (principalmente Xudía, Pemento e Tomate) a aparición de larvas que se alimentan dos vexetais.



Imago de *Plusia gamma*

Trips (*Frankliniella occidentalis*)

No cultivo de pemento en invernadeiro comencan a observarse as primeiras poboacións de trips (tamén vector da virose TSWV- Virus do Bronceado).

Recomendacións

Nos cultivos hortícolas sensibles ó Mildeu (Pataca, Cebola, Tomate, Leituga) deberase aplicar un tratamento fitosanitario, preferiblemente con preparados de tipo sistémico, penetrante ou cuticulares, xa que o risco de crecemento vexetativo das plantas así o aconsella.

Nas explotacións con presenza de pulgón pódese aplicar algún dos principios activos autorizados: AZADIRACTÍN, PIMETROCINA, IMIDALOCROPID, DELTAMETRÍN, LAMBDA CIHALOTRÍN, ALFA CIPERMETRÍN, BIFENTRÍN, CIPERMETRÍN, METIL CLORPIRIFOS, METIOCARB OU PIRIMICARB.

En leituga é moi importante detectar a súa presenza antes do cerrado do cogollo posto que máis tarde é moi difícil controlalo, xa que os tratamentos non alcanzan a zona basal da planta.

Nas parcelas de Coles e Xudía ó aire libre cunha importante mortalidade das plántulas debido aos ataques das larvas da **mosca dos sembrados**, pódese controlar con CLORPIRIFOS 5% [GR] P/P.

Nas **explotacións de Pemento en invernadeiro con presenza de Trips deberanse programar as soltas do ácaro depredador *Amblyseius swirskii*** (nifas e adultos en salvado) con acción sobre larvas xoves de Trips (tamén de mosca branca). Débese consultar co Servicio Técnico do provedor de fauna auxiliar o axuste da dose e frecuencia a instalar na explotación, normalmente entre 25-75 ácaros/m², aplicados en pequenos montóns sobre as plantas distribuídos regularmente en aproximadamente 200 plantas cada 1.000 m² de cultivo. Aproximadamente ás dúas semanas hai que complementar a acción deste depredador coa solta do Chinche



Orius sp con acción sobre os adultos da praga. En este cultivo e praga o control biolóxico ofrece moi bos resultados.



No cultivo de Tomate recoméndase mellorar o cuaxe e formación dos froitos mediante a solta de *Bombus terrestris* colocando as colmenas dos polinizadores no invernadoiro

As colmeas teñen dous buracos de voo: por un deles os abellóns só poden saír, e polo outro poden voar nas dúas direccións, co fin de que as obreiras estean dentro da colmea en aproximadamente 1-2 horas no caso que sexa necesario realizar un tratamento no cultivo. Así, cerrárase a porta de dúas direccións protexendo a colmea (si se saca temporalmente da explotación hai que recolocala coa mesma orientación inicial).

Para coñecer os efectos secundarios dos fitosanitarios no *Bombus* e noutros organismos beneficiosos, os técnicos e agricultores pódense informar nos link das páxinas web de control biolóxico (kopert.com, biobest.ca,...) ou no enlace da Junta de Andalucía, <http://dgpa.besana.es/ocb/efectosSustancia.do>.

Segundo os efectos secundarios dos fitosanitarios sobre os insectos beneficiosos pódense dividir en 3 grupos:

- A - Utilizables sen sacar a colmea.
- B - Utilizables se se saca a colmea antes de tratar.
- C - Non compatibles cos abellóns.

É importante revisar periódicamente a actividade dos abellóns observando o seu voo así como as marcas que aparecerán nas flores polinizadas. Estas marcas son unhas **punteaduras** o feridas marróns arredor do cono de estambres da flor que aparecen despois de 1 ou 2 horas, dependendo da estación do ano e das condicións climáticas.

Na primaveira é normal que un 80 - 90 % das flores abertas teñan estas marcas marróns. No verán este porcentaxe pode baixar ata un tercio das flores abertas debido a que a actividade dos abellóns é menor polas elevadas temperaturas que se alcanzan no interior do invernadeiro.



Se as flores non están bastante marcadas, débese observar o contido de polen. A falta de produción suficiente de polen de boa calidade depende de factores externos, como a temperatura, humidade, etc. As flores sen polen non serán visitadas polos abejorros e non quedarán fertilizadas.

Aínda que os abellóns non son agresivos poderían picar con seu aguillón para defenderse, e son atraídos polos cores azuis e mesmo perfumes; de selo caso, é convinte ter no botiquiño de primeiros auxilios da explotación un antihistamínicos de uso tópico (Tripelenamina clorhidrato,...).



Invernadeiro da comarca do Rosal con colmea.